

Elabora unha narrativa explicando a composición da sociedade española durante o século XIX e o primeiro terzo do XX e as seguintes cuestións. Usa na túa argumentación os datos dos documentos que xuntamos.

1. As condicións de traballo de mulleres e homes nas fábricas españolas nese periodo.
2. As condicións de vida das familias operarias nas vilas e cidades españolas durante o Dezanove e o primeiro terzo do Vinte
3. A evolución nas formas de protesta (reactivas e proactivas) e nos instrumentos utilizados polas organizacións obreiras, as súas reivindicacións e as ideoloxías que as alicerzaron na época da Restauración (1874-1931).

Docto 1: grupos sociais e condicións de vida reflectidos na película [Fortunata e Jacinta](#), (dispoñible na Canle Youtube: [https://www.youtube.com/watch?v=HFfi\\_JINa8o](https://www.youtube.com/watch?v=HFfi_JINa8o)).

Docto. 2:



Docto. 3



Docto 4: Extractos da novela *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán (década de 1880, ed. de B. Varela Jácome, Cátedra, 2013, 17ª ed., paxs. 105 e 209)

“La fábrica de tabacos de Marineda [A Coruña] fue centro simpatizador para la [República] federal. De la colectividad fabril nació la confraternidad política; a las cigarreras se les abrió el horizonte republicano ... por medio de la propaganda oral y por los periódicos que pululaban. Hubo en cada taller una o dos lectoras; les abonaban sus compañeras el tiempo perdido... Amparo tenía una boca no más que alimentar; la crisis económica no podía importrle atanto como a as que reunían seis hijos, tres o cuatro hermanos, familia dilatada, sin más recursos que el trabajo de una mujer... En la tienda se cansaban de fiarles y se veían perdidas ... ¡Pedir limosna! ¡Que humillación para la fábrica!. No, se ayudarían mutuamente, como siempre; las que estaban mejor se rascarían el bolsillo para atender a las más necesitadas y, en efecto, así se hizo, verificándose numerosas cuestaciones siempre con fruto abundante”.

Docto 5: **Descrición dunha traballadora da fábrica de tabacos de A Coruña** (C. Gasquoine Hartley, [1911], 1999, *Un verán en Galicia*, Galaxia, Vigo, paxs. 202-203).

“... Hai unhas tres mil mulleres empregadas ás que lles pagan cada quince días segundo a cantidade e a calidade do seu traballo... A fábrica pertencía ao Goberno pero administrábaa unha compañía privada que quedaba co 10% dos beneficios netos. Esta cigarreira demostrou ser republicana e socialista cuns coñecementos e ideais sobre o goberno que me deixaron abraiada ... Díxome que se fixera partidaria das opinións republicanas ó ler os xornais e engadiu que moitas cigarreiras teñen fortes conviccións políticas”.

Docto. 5. Extraído de García Faría, P., 1890, *Insalubridad de las viviendas de Barcelona*, pp. 14 e 21).

“Viven en pisos de mezquina altura, subdivididos en muchos compartimentos que se fraccionan en piezas pequeñísimas, en las cuales el aire respirable es insuficiente ... está viciado de suerte que mata en lugar de

dar vida, ataca a los niños en el mismo seno de su madre y les conduce a una decrepitud precoz a través de la anemia, de la escrófula, del raquitismo y el tubérculo ... En muchísimas casas de los barrios bajos las familias elaboran los alimentos en la propia habitación en la que depositan sus heces, cuyas miasmas y olores producen insalubridad”.

Docto 6: Extraído de **P. Zancada, 1902, *El obrero en España***, Barcelona, pax. 197).

“Los obreros vivían en buhardillas y en cuartos oscuros, lóbregos e insalubres, no podrían proporcionar a sus hijos la educación más rudimentaria, ni vestirse con regular aseo, ni comer alimentos sanos y nutritivos. Trabajaban faltos de condiciones de seguridad, sobre andamios resquebrajados, en fábricas insalubres o en minas peligrosas. Las instituciones patronales de socorros eran escasas y deficientes, y el destino del obrero enfermo era un hospital”.

Docto 7. **Revolta na fábrica de tabacos da Palloza** (*El País*, Diario de Pontevedra, 13-12-1857).

“O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade da Coruña... No canto dos cigarros que facían antes nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferentes feituras e cunhas follas que van engomadas, suprimindo os virxinias ou comúns e os de capa habana ou mixtos, e en vez deste, crearon un obradoiro de pitos [cigarros pequenos] cunha máquina para picar o tabaco... Como as dúas operacións son novas, non se prestan nin se axeitan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que apenas sacan a terceira parte do xornal a que estaban acostumadas. Isto, e o pouco satisfeitas que están do director desta fábrica, alporizounas en termos que o expresado día 7, sobre a unha da mañá alborotáronse aquelas 4.000 mulleres, arremeteron contra os xefes e empregados do establecemento, destrozaron todo o tabaco picado, pitos e folla que tiveron a man, e o que había tempo que estaban elaborando, pisándoo e botándoo todo ao mar, rompendo en mil anacos as máquinas novas para picar o tabaco, que custaron 14.000 pesos, botándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon na habitación do director”.

Docto 8.: **Actividades laborais e concienciación sociopolítica na Rioxa** (C. Gil Andrés, 2010).

“Máis de 20.000 logroñeses emigraron a América na primeira década do século XX, supuñan o 10% da poboación desa provincia. Outros procuraron sobrevivir a costa dos recursos comunais, traballando a tempo parcial como xornaleiros e nos obradoiros de alparagatas. En 1895 había once patróns alparagateiros en Cervera (Logroño), dúas pequenas fábricas de telas, tres muiños fariñeiros, unha prensa de aceituna, un pequeno número doutros artesáns e varios establecementos de víveres e bebidas: bodegóns, abacerías e tendas de tablajeros. Esa vila era, ademais, a cabeceira dunha comarca agrícola enfrontada á crise finisecular que provocara a caída dos prezos dos cereais aumentando o descontento dos produtores... Neses obradoiros de alparagatas xurdiu a mobilización obreira local pois discutían sobre a situación económica e social ao tempo que traballaban. Algúns deles sabían ler a prensa e informaban aos demais... Os traballadores alparagateiros fixeron folga para esixir o cobro dos salarios en metálico e non en especie. Máis adiante constituiron unha asociación obreira que agrupou a centos deses traballadores... En 1903 acordaron formar a Sociedad de Alparateros y anexos *La defensora del Trabajo*”.

Docto 9: **Comunicado dunha manifestación de mulleres** (Barcelona 1918).

¡MULLERES DE BARCELONA, todas ó mitin! Esta tarde ás catro terá lugar o ¡MITIN DA FAME no local do GLOBO! SITO NO SALON DE SAN JUAN

Para patentizar a infamia do Goberno, aliado con acaparadores e comerciantes; para demostrar a todas as mulleres españolas o que valemos cando queremos e que non estamos dispostas a consentir que os nosos fillos morran de fame e para tomar radicais acordos sobre os alugueiros, xornais e subsistencias, que ningunha falte ó mitin. Así demostraremos a nosa forza, a nosa razón e o noso dereito: a xustiza.

Doc. 9: **UXT e CNT convocan unitariamente a folga xeral en agosto de 1917.**

“Pedimos a constitución dun Goberno Provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se acade ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a manter a súa actitude de folga... Ciudadáns: non somos instrumentos de desorde, como na súa impudicia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!”